

Prezadas familias de 5.º de Primaria a 2.º de ESO,

O verán está á volta da esquina e, como cada ano, desde o colexio propoñémosvos unha experiencia única para os vosos fillos e fillas: o **V Campamento Urbano La Salle**. Neste campamento, queremos que os participantes disfruten dun tempo de lecer de calidade, combinando xogo, aprendizaxe e convivencias especiais.

Ao mesmo tempo, seguimos apostando pola conciliación familiar, permitindo que cada familia elixa as semanas que mellor se adapten á súa planificación. O campamento terá lugar entre o **23 de xuño e o 31 de xullo, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h.**, con posibilidade de ampliar ata o 1 de agosto.

Contaremos tamén con **servizos complementarios** como:

- Madrugadores: dispoñible desde as 8:00 h.
- Comedor: de 14:00 a 16:00 h., con opción de recollida anticipada.

Este campamento terá lugar nas instalacións do colexio, pero ademais, realizaremos **saídas fóra do centro todas as semanas** para descubrir novos espazos e actividades.

Por primeira vez, estamos valorando a incorporación dunha **acampada nocturna** para os participantes nados entre 2011 e 2014. Esta **actividade é opcional** e terá lugar nas tres primeiras semanas do campamento, os xoves pola noite. Consistirá en pasar a noite no colexio, realizando actividades especiais. Cearán xuntos e gozarán dunha velada nocturna. A noite será en colchonetas de tatami, e cada participante deberá traer o seu propio saco de durmir. Esta actividade só se levará a cabo se se alcanza un mínimo de participantes.

Os grupos estarán **formados por 10 a 12 participantes**, e estarán atendidos por monitores cualificados, moitos deles xa coñecidos polos nosos participantes.

As actividades serán organizadas arredor de **temáticas** que poden variar cada semana ou cada dous, sempre pensadas para que cada día sexa unha nova e divertida aventura.



Xogos en inglés
Inglés diario con **monitora nativa** durante o campamento.



Ciencia y cocina
Experimentar coa ciencia e a **cociña** converténdose en científicos e chefs.



Piscina/Hinchables
Piscinas e inchables por idades, vixiados por monitores/as.



Saídas
Excursións semanais a parques da contorna compostelá.



Actividades Deportivas
Actividades físicas, teatro, expresión corporal e manualidades.

MÁIS INFORMACIÓN:

- Web do colexio: <https://web.lasallesantiago.gal/campamento/>
- Correo electrónico: campamento@lasallesantiago.gal
- Teléfono, Whatsapp: 744388140

Datas de inscrición: do 25 de abril ao 06 de xuño de 2025.

<https://forms.gle/cd4Yp5DZJ9AeajTJ7>

Os irmans teñen desconto do 5%

HORARIO XERAL (Nacidos en 2015 ata 2018)

Benvida

Temática	Ciencia	Cocina	Saída ao parque	Xogos en Inglés
Deportivos			Orientación	Deportivos

Merenda

Xogos en Inglés	Inchables
Piscina-Xogos-Bailes	Fin Tematica

Saída-Comedor

Saída (a partir das 15.00h ata as 16.00h)

Acampada Nocturna



Os horarios xerais son orientativos, dependemos das temáticas, factores atmosféricos... As actividades estarán adaptadas ás idades dos participantes. Dependeremos tamén do número de participantes que se anoten no campamento.

Quendas:

- 1ª Quenda:** 23 de xuño ao 27 de xuño.
- 2ª Quenda:** 30 de xuño ao 04 de xullo.
- 3ª Quenda:** 07 de xullo ao 11 de xullo.
- 4ª Quenda:** 14 de xullo ao 18 de xullo.
- 5ª Quenda:** 21 de xullo ao 24 de xullo.
- 6ª Quenda:** 28 de xullo ao 31* de xullo.

*Posibilidade de ampliar ata o 1 de agosto.

Servizos:

Madrugadores (8.00 h.) para todos os participantes.

Comedor + Actividade de tarde (ata 16.00 h.)

Prezos:

Unha queda 80€ (6ª queda: 64€)

Dúas quendas 150€ (coa 6ª queda 135€)

Campamento completo 370€

Madrugadores 10 €/quenda (con almorzo: 13€/quenda)

Comedor + Actividad de tarde 30€/quenda

Acampada nocturna (opcional) 18€/quenda

Seguro para participantes de fóra do colexio La Salle Santiago: 8€

Os irmans teñen desconto do 5%

Inscripción



Normas de inscrición:

- A semana antes de comezar o campamento enviarémoslle unha carta a todos os nosos participantes cos detalles do campamento. Para calquera dúbida ou consulta poden poñerse en contacto a través do correo electrónico ou por teléfono.
- Para a adxudicación das prazas seguirase unha rigorosa orde de inscrición, quedando o resto de solicitudes en situación de “lista de espera”, que se adxudicarán no momento que queden prazas vacantes, se é que este feito se produce.
- Para que o campamento saia adiante terá que haber un mínimo de 30 participantes por semana. No caso contrario daremos aviso previo. O límite de prazas é de 120 participantes por semana.
- No caso de ter irmáns, é preciso realizar a inscrición por separado. Ao cubrir a inscrición.
- O cobro da inscrición realizarase por domiciliación bancaria unha vez rematado o prazo de inscrición (cara o 20 de xuño). Podedes realizar o pago en dous recibos (20 de xuño e 15 de xullo).
- Os participantes que non estean matriculados no colexio deberán pagar o seguro de 8€.
- Non se devolverá o importe da inscrición agás, forza maior que será valorado polo centro.
- Os datos facilitados serán tidos en conta en clave de confidencialidade.
- No caso de erro nos datos da inscrición poñerémonos en contacto o posible.
- A realización da inscrición ao campamento supón a aceptación de tódalas normas.